



REGULAMENTO I GRAN PREMIO DE PROMOCIÓN PARA ALEVINS E BENXAMINS

GRAN PREMIO PINAR



TEMPADA 2008

Art.1.- ORGANIZACIÓN

A organización, supervisión e coordinación do I GRAN PREMIO DE PROMOCIÓN PARA ALEVINS E BENXAMINS, corresponde a Federación Galega de Piragüismo. A mesma actuará por medio dos seus Órganos Executivos e poderán actuar como co-organizadores os clubs dos lugares onde se celebren as regatas do presente programa.

En todas as regatas do programa disporáanse medios necesarios para a realización das tarefas de control e salvamento, sendo ambas totalmente independentes. Disporáanse, tamen de embarcacións de salvamento, accesos o auga, indicando con sinalización as mesmas, así como unha sala de secretaría para a oficina, equipo arbitral e Comité de Competición.

Art.2.- PATROCINADOR

O patrocinio deste PROGRAMA ESPECIAL correspóndelle a DIRECCION XERAL PARA O DEPORTE DA XUNTA DE GALICIA e a propia FEDERACION GALEGA DE PIRAGÜISMO, así como as entidades patrocinadoras das REGATAS puntuabels.

Art.3.- COMITÉ DE DISCIPLINA

Será o propio da Federación Galega de Piragüismo, que actuará de acordo cos Reglamentos da mesma, independentemente das actuacións doutros Comités nas competicións de ámbito nacional ou internacional.

Art.4.- COMITÉ DE COMPETICIÓN

Cada regata puntuable deste I GRAN PREMIO DE PROMOCIÓN DE PIRAGÜISMO PARA ALEVINS E BENXAMINS terá seu propio Comité de Competición que se formara da maneira que establecense nos reglamentos vixentes na F.G.P.

As reclamacións ó Comité de Competición, serán o paso previo e obrigatorio para a presentación de reclamacións posteriores ou estamentos superiores.

No caso de non existir este paso previo, as reclamacións sobre o desenrobo das competicións serán desestimadas.

Art. 5.- XUICES E ÁRBITROS

Para cada regata, a proposta do Comité Técnico de Árbitros da F.G.P. , a Xunta Directiva da Federación nomeará os Xuices e Árbitros que actuarán.

Dos resultados de cada regata, será levantada un acta que será dada a conocer, por parte da F.G.P., a todos os clubs participantes no programa.



Art.6.- PARTICIPACION

Por ser un programa AUTONOMICO, o mesmo estará aberto a todos os clubs galegos e a os palistas afiliados a os mesmos que cumplan cos requisitos de categorías e modalidades establecidos en cada unha das competicións puntuables.

Os palistas e clubs de fora de Galicia que participen nunha competición terán dereito a súa medalla ou trofeo, no caso de que lle corresponda po la súa clasificación na mesma.

Todos os palistas, para poder participar neste Programa, deberán estar en posesión da licencia federativa actualizada para a Tempada 2008 e ter nacido a partires do ano 1996.

Art 7.- INSCRIPCIONS

Cada clube poderá inscribir en cada regata puntuable, por modalidade e categoría, o número de palistas que considere oportunos, sempre e cando estos cumplan as normas establecidas no presente regulamento e específico de cada unha de elas.

Art. 8.- CATEGORIAS

Establecense as seguintes :

* Homes Kayakistas :

Alevines A nados no ano 1996
Alevines B nados no ano 1997
Benxamins nados do ano 1998 en adiante

* Mulleres Kayakistas :

Alevines A nadas no ano 1996
Alevines B nadas do ano 1997
Benxamins nadas do ano 1998 en adiante

Ningún deportista poderá participar noutra categoría que non sea a correspondente o seu ano de nacemento.

Art. 9.- COMPETICIONS PUNTUABLES

Son competicións puntuables deste I GRAN PREMIO DE GALICIA DE PROMOCIÓN PARA ALEVINS E BENXAMINS, as seguintes:

Fecha	Regata	Lugar	Hora
17/05/2008	1º Regata de Alevines e Benxamins	Río Léz (Pontevedra)	11,00
14/06/2008	2ª Regata de Alevines e Benxamins	Lugo	11,00
12/07/2008	3ª Regata de Alevines e Benxamins	Pontedeume (A Coruña)	11,30
09/08/2008	4ª Regata Alevines e Benxamins-Cto Galego	Río Léz (Pontevedra)	11,00

As competicións de Pontevedra celebraránse no Río Léz, entre a Ponte dos Tirantes (preto do CGTD) e o Ponte do Tren (Monteporreiro).



Art 10.- MODALIDADES

No presente programa establecense as modalidades seguintes:

- * ALEVINS A : homes kayakistas
mulleres kayakistas
- * ALEVINS B : homes kayakistas
mulleres kayakistas
- * BENXAMINS : homes kayakistas
mulleres kayakistas

Art. 11.- EMBARCACIONS

Todas as regatas realizaranse en embarcacións individuais K-1, salvo unha que será en embarcacións dobres, K-2. Asemesmo, por ser un programa especial de promoción, poderán ser utilizadas todo tipo de embarcacións de carácter individual, como mini-kayak, kayak de mar, piraguas de recreo, kayak polo, de iniciación, RR, sen limitacións de peso e medidas.

Toda-las embarcacións deberán levar obrigatoriamente os sistemas de flotación establecidos nos regulamentos.

Os palistas da categoría ALEVIN E BENXAMIN non poderán competir en Canoa.

Art.12.- PUNTUACIONS INDIVIDUAIS

Para a toma de puntos dependendo da categoría, establecece, a cada palista a seguinte puntuación:

*** ALEVINS A**

1º clasif. 125 + 5 puntos, 2º 124 + 3 puntos, 3º 123 + 1 punto, 4º 122, 5º 121, 6º

*** ALEVINS B**

1º clasif. 100 + 5 puntos, 2º 99 + 3 puntos, 3º 98 + 1 punto, 4º 97, 5º 96, 6º

*** BENXAMINS**

1º clasif. 50 + 5 puntos, 2º 49 + 3 puntos, 3º 48 + 1 punto, 4º 47, 5º 46, 6º

Art. 13 PUNTUACIONS POR EQUIPOS

Cada club sumará os puntos alcanzados por cada un dos seus palistas, en cada modalidade e categoría, resultando unha clasificación final na que se proclamará ganador de cada regata o clube que maior número de puntos obteña.



Art. 14.- PREMIOS EN CADA COMPETICION

En cada regata puntuabel establecense os premios seguintes:

- *A NIVEL DE EQUIPOS .- Trofeo os tres (3) primeiros clasificados
- * A NIVEL INDIVIDUAL .- Medalla, Placa ou Trofeo para os tres primeiros (3) clasificados en cada unha das modalidades e categorías do regulamento.

Art. 15.- TOMA DE PUNTUACIONES PARA O GRAN PREMIO

A nivel de clubes, coa suma dos puntos alcanzados por cada un dos palistas, como xa se sinala en artigos precedentes, establececese un ranking clasificatorio de cada regata otorgandolle os clubes as puntuacions seguintes:

1º Clasif. 50 puntos, 2º clasif.... 48, 3º clasif. ... 47, 4º clasif. 46, e así sucesivamente.

Todos aqueles clubes que tendo participado nunha competición non obtiveran puntuación algunha por calquera dos seus deportistas, asignaráselle (a efectos do Gran Premio) a puntuación do último clasificado por clubes menos 5 puntos (e dicir, si o último clube clasificado obtén unha puntuación para o I Gran Premio de Alevins e Benxamins de 19 puntos, aqueles que participando non lle puntuou ningún palista terán 14 puntos.

Todos aqueles clubes que, na presente tempada 2008 teñan algún caso de cambio de club dun palista do seu club a outro (e que non exista acordo entre eles) para poder percibir o 50% dos puntos que consiga o mesmo nas competicións, terán que participar os dous clubes na mesma competición ou regata.

Art. 16.- CAMPEONS

Será proclamado Campeón, a nivel de clubes, o que maior número de puntos alcance sumando os obtidos por el mesmo en cada unha das regatas do programa tendo en conta que o que non participe nalgunha de elas obterá 0 puntos.

Este I Gran Premio de Galicia de Promoción para Alevins e Benxamins **NON** será puntuable para a XXI Copa Xunta De Galicia.

O Premio final do I Gran Premio de Galicia de Alevins será entregado aos tres primeiros clubes clasificados. Dito premio será entregado no transcurso da Gala do Piragüismo de Galicia-2008.

Art. 17.- DESESTIMACIONES

Para a toma de puntos finais para a clasificación do I Gran Premio de Galicia de Promoción para Alevins e Benxamins sumaráanse os puntos de todas as regatas puntuables, non podendo desestimarse ningunha delas.

Art. 18.- DESEMPATE POR EQUIPOS

Se resolverá a favor do clube que mellor resultado obteña no Campionato Galego de Alevins e Benxamins, de continuar, a favor do que mellor resultado obteña na última regata puntuable, e de seguir, do que maior número de mellores postos obteña.



Art. 19.- PECHES DE CONTROL

Establecese un tempo de peche de control, para todas as regatas puntuabels, que son SEIS MINUTOS (6) para todas as categorías e modalidades.

Art. 20.- DISTANCIAS

Todas as regatas faranse nun circuito establecido entre balizas coa correspondente ciaboga e a distancia a percorrer pobs ALEVINS e BENJAMINS sera dunha distancia aproximada de 1500 metros.

Art. 21.- CHALECO

O I GRAN PREMIO DE GALICIA DE PROMOCIÓN PARA ALEVINS E BENJAMINS, por ser un programa exclusivo de promoción, a Dirección Técnica da FGP, cree que a seguridade dos deportistas e primordial, polo que os mesmos deberán utilizar o **CHALECO SALVAVIDAS** de forma obligatoria.

O chaleco considerase imprescindible para poder participar nas regatas do GRAN PREMIO, a todos seus niveis, deben portalo debaixo do dorsal e reuni-las condicións de flotabilidade establecidas pola C.E.

Art. 22.- CAMBIOS DE CLUBES

Os palistas que tendo participado nalgunha das regatas puntuabels deste I GRAN PREMIO DE GALICIA DE PROMOCION PARA ALEVINS E BENJAMINS-TEMPADA 2008, en calquera das categorías por un clube determinado, **poderá facelo en caso de cambio de clube**, na mesma tempada con seu novo equipo, **pero en ningún caso puntuará para o mesmo** aunque sí terá dereito a recibir sua medalla ou trofeo na competición na que participe no caso de ter dereito a ela.

Todos aqueles clubes que, na presente tempada 2008 teñan algún caso de cambio de club dun palista do seu club a outro, e que non exista acordo entre eles (según o aprobado na Asemblea Xeral da Federación Galega de Piragüismo), para poder percibir o 50% dos puntos que consiga o mesmo nas competicións terán que participar os dous clubes na mesma competición.

Art. 23.- OUTRAS NORMAS

Para todo o que non consta no presente regulamento, as regatas rexiránse polos Reglamentos e Estatutos da FGP, pob regulamento da XXI Copa Xunta de Galicia, e nos casos non previstos, polo Regulamento Xeral e Técnico de Competicións da Real FEP.

Para poder competir, os palistas e clubes, deberán estar en posesión da licenza federativa debidamente actualizada para la Tempada 2008.



A FGP non se fara responsable dos danos que poideran causarse en embarcacións e demais material dos participantes, tanto no transcurso da competición como no transporte a mesma. Recordase a obrigación do uso do chaleco salvavidas para todo-os palistas e sistemas de flotación nas embarcacións participantes.

Art. 24.- UNIFORMIDADE

Os participantes neste programa, deben portar, polo tanto na competición como nos actos oficiais, a uniformidade dos seus clubs correspondentes. O incumplimento desta norma e causa de descalificación polo que o clube perderá os puntos alcanzados polos seus palistas infractores na regata de referencia, así como non levar o dorsal facilitado pola organización debidamente colocado e visible, e dicir, sen dobreces nin arrugas.

Recordase tamen, que o Xefe de Equipo deberá porta-la indumentaria do clube no acto de entrega de trofeos e medallas.

Para a recepción do trofeos nas distintas competicións precisase a presenza física dos galardonados (clubs e deportistas) que deberán personarse coa uniformidade debida no momento e lugar establecido pola organización.

A NON PRESENCIA DO GALARDONADO NO LUGAR DE ENTREGA DE TROFEOS A RECOLLELO MESMO A HORA INDICADA POLA ORGANIZACIÓN, E CAUSA DE DESCALIFICACIÓN TODOLOS EFECTOS, ASÍ COMO A PERDA DE PUNTOS O CLUB O QUE PERTENZA.

Art. 25.- COMPETICIONS RESERVAS

Si por algunha causa non se celebre unha das regatas sinaladas como puntuables de este regulamento, a Xunta Directiva da F.G.P. acordará a nova data de celebración, a súa anulación ou a substitución por outra a todos os efectos do I GRAN PREMIO DE GALICIA DE PROMOCIÓN PARA ALEVINS E BENXAMINS.

Art. 26.- CAUSA MAIOR

Si por causa maior, sempre axena a vontade dun clube, un equipo non puidera tomar parte en calquera das regatas puntuables, tras a petición a través dun escrito, si o estima conveniente a Xunta Directiva da F.G.P., poderá concederlle os mesmos puntos que haxa alcanzado na última regata puntuable restandolle un punto.

Art. 27.- INFORMACIÓN

Para maior información deste I GRAN PREMIO DE GALICIA DE PROMOCIÓN PARA ALEVINS E BENXAMINS, os interesados poderán dirixirse a Federación Galega de Piragüismo (C/ Italia, 35- Monteporreiro, 36162 Pontevedra), Tfños de contacto : 986842106 y 986896537 , fax 986851108 ou o e-mail : kayak-canoa@fegapi.org

Vº Bº
PRESIDENTE FGP

Pontevedra, 8 de febreiro de 2008
O XERENTE